



RESOLUCIÓN SOBRE A NON CADUCIDADE DAS TARXETAS SANITARIAS GALEGAS CON DATA DE CADUCIDADE A PARTIR DO ANO 2011.

FEITOS

A tarxeta sanitaria é o documento acreditativo da asistencia sanitaria pública para cada cidadán/dá de forma individual e en condicións de igualdade. A identificación de cada cidadán/dá é unívoca, mediante a asignación dun código de identificación persoal (CIP).

O *Sistema de Información de Tarxeta Sanitaria* é o sistema de información que rexistra e codifica os datos de todas as entidades que conforman a estrutura organizativa da atención primaria, vinculando a cada cidadán/á coa mesma e posibilitando a acreditación do dereito á asistencia sanitaria pública dos cidadáns/cidadás con tarxeta sanitaria galega.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A Orde do 12 de xullo de 1995 que desenvolve o Decreto 177/1995, de 16 de xuño, polo que se regula a tarxeta sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG nº 142, de 26 de xullo de 1995, no seu artigo 1º, especifica os datos que incorporará a tarxeta. Dentro dos datos do anverso figura a data de caducidade da tarxeta.

Previamente a esta data de caducidade, a Consellería de Sanidade realiza a estampación e a remisión dunha nova tarxeta ao cidadán/cidadá que continua con dereito á asistencia sanitaria.

Na actualidade, ante o desenvolvemento da tecnoloxía da informatización (TI) que conlevou a informatización dos centros de saúde, centros hospitalarios, unidades de urxencia... e a integración dos aplicativos da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde co *Sistema de Información de Tarxeta Sanitaria* é dito sistema de información o que realmente pode acreditar o dereito á asistencia sanitaria pública, sinalando a tarxeta sanitaria en vigor, independente da data de caducidade

Polo dito, a ante a situación de crise económica actual que obriga a unha priorización das obrigas e actividades das administracións públicas, a Consellería de Sanidade considera prescindible a estampación e remisión das tarxetas sanitarias que caducan durante o ano 2011 e mentras persista a situación actual.



Ademais a Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación é o órgano encargado do aseguramento sanitario, dacordo coas previsións contidas no artigo 10º do decreto 310/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

De acodo con todo o indicado **RESOLVO:**

Que as tarxetas sanitarias que caducan a partir do 1 de febreiro de 2011 seguen vixentes como documento acreditativo se o/a cidadán/cidadá consta de alta *no Sistema de Información de Tarxeta Sanitaria*.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2011.
O director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública



Manuel Varela Rey